MEMORIA ANUAL 2014

verdegaia

Informe de comunicación.

Período inter-asemblear marzo 2014, marzo 2015.

Foro:

- No período interasemblear 2013-2015 (no 2014 non fixemos este informe de comunicación) publicáronse 1828 mensaxes novas. Un número que supón un descenso respecto do período 2012-2013, no que foron, en só un ano, 1858. Dende a asemblea do 2013 abríronse no foro 359 temas novos, para un total de 1938 dende o inicio.

- Agora mesmo están dadas de alta no foro 108 persoas socias, 3 menos das que figuraban no informe do 2013, se ben daquela representaban un 40,5 % da base social, mentres agora esa cifra elevouse a un 55,1 %. Esta é unha tendencia que xa viña do 2012, no que a porcentaxe de persoas socias dadas de alta no foro era dun 31 %. O factor clave non é tanto o crecemento de persoas no foro mais a caída do número total de socias. Iso pode falar tamén do perfil das persoas socias que se teñen dado de baixa da asociación.

Estatística 23-02-2015	Valor	Estatística	Valor
Número de mensaxes:	**8354**	Mensaxes por día:	**3.62**
Número de temas:	**1938**	Temas por día:	**0.84**
Número de usuarios:	**108**	Usuarios por día:	**0.05**
Número de Adxuntos:	**2310**	Anexos por día:	**1.00**
Foro iniciado:	**01 Nov 2008, 19:00**	Tamaño do directorio para os avatares:	**24.89 KiB**

Páxina web:

É difícil facer unha análise das visitas na web, pois moitas delas son ficticias, ou cando menos non corresponden a persoas que teñan interese nos seus contidos. En todo caso cabe sinalar que os picos en determinados meses poden corresponder ao tempo no que a páxina estivo hackeada e parasitada dende o exterior. A este mesmo factor hai que asociar a orixe de visitas que chegan dende países como EE.UU., Ucraína ou Rusia.

En canto ás visitas recollidas na páxina por cada nova, hai que ter en conta aínda que as máis recentes seguen a aumentar o seu número pode apreciarse unha caída como tendencia xeral. Entre as razóns que explican isto poden atoparse certa diminución do noso potencial comunicativo como asociación, así como a perda de centralidade das páxinas web respecto doutras ferramentas como o facebook. Porén, mesmo no facebook esta tendencia á baixa é apreciable.

Periodo mostrado	Año 2014				
Primera visita	01 Ene 2014 - 00:01				
Última visita	31 Dic 2014 - 23:59				
	Visitantes distintos	Número de visitas	Páginas	Solicitudes	Tráfico
Tráfico visto *	<= **66387** Valor exacto no disponible en la vista anual	**139519** (2.1 visitas/visitante)	**772705** (5.53 Páginas/Visita)	**1491927** (10.69 Solicitudes/Visita)	**31.20 GB** (234.51 KB/Visita)
Tráfico no visto *			**5217224**	**5270778**	**106.00 GB**

* El tráfico "no visto" es tráfico generado por robots, gusanos o respuestas de código especial de estado HTTP.

Histórico Mensual



Mes	Visitantes distintos	Número de visitas	Páginas	Solicitudes	Tráfico
Ene 2014	4019	9420	82312	143400	2.57 GB
Feb 2014	2668	7091	97359	145905	2.23 GB
Mar 2014	2517	7481	55651	112208	2.27 GB
Abr 2014	3023	6988	43300	98048	2.16 GB
May 2014	11593	23249	141947	261384	4.43 GB
Jun 2014	17709	31542	162981	230416	4.25 GB
Jul 2014	3795	9857	31491	77483	1.98 GB
Ago 2014	4579	9931	38657	88375	2.38 GB
Sep 2014	3685	8755	30546	79785	2.05 GB
Oct 2014	4252	8957	28715	87152	2.21 GB
Nov 2014	3904	7612	30547	86855	2.71 GB
Dic 2014	4643	8636	29199	80916	1.96 GB
Total	66387	139519	772705	1491927	31.20 GB

Países (Top 10) - Lista completa

Países		Páginas	Solicitudes	Tráfico
United States	us	167571	225230	5.41 GB
Spain	es	137514	699421	14.80 GB
Ukraine	ua	87520	88123	1.19 GB
Russian Federation	ru	41463	44957	670.49 MB
China	cn	32697	46521	1.57 GB
Germany	de	29346	32831	888.67 MB
Netherlands	nl	25870	26862	418.80 MB
India	in	20376	21298	255.82 MB
France	fr	18724	23287	600.53 MB
Vietnam	vn	18457	18522	768.24 MB
Otros		193167	264875	4.71 GB

Servidores (Top 10) - Lista completa - Última visita - Dirección IP no identificada

Servidores : 64046	GeoIP Country	GeoIP City	Páginas	Solicitudes	Tráfico	Última visita
46.119.124.111	Ukraine	Lvov	38924	38924	251.20 MB	22 Feb 2014 - 17:42
90.175.91.30	Spain	Desconocido	25861	55261	729.95 MB	09 Ago 2014 - 10:58
208.115.111.72	United States	Seattle	12753	12753	419.52 MB	14 Abr 2014 - 20:58
208.115.113.88	United States	Seattle	12227	12227	368.05 MB	14 Abr 2014 - 23:06
91.109.19.34	Germany	Desconocido	11024	11158	305.68 MB	06 Sep 2014 - 11:01
94.242.221.238	Luxembourg	Desconocido	10419	10419	68.12 MB	04 Feb 2014 - 04:40
94.19.191.183	Russian Federation	Saint Petersburg	9228	9228	169.45 MB	13 May 2014 - 12:31
208.43.225.84	United States	Dallas	8567	8567	217.60 MB	25 Ago 2014 - 08:08
208.43.225.85	United States	Dallas	7974	7974	205.24 MB	25 Ago 2014 - 08:08
212.227.114.117	Germany	Desconocido	7783	7783	199.83 MB	31 Dic 2014 - 23:33
Otros			627945	1317633	28.34 GB	

Usuarios autentificados (Top 10) - Lista completa - Última visita

Usuarios autentificados : 0	Páginas	Solicitudes	Tráfico	Última visita
Otros usuarios (y/o usuarios anónimos)	772705	1491927	31.20 GB	

Duración de las visitas

Número de visitas: 139519 - Media: 257 s	Número de visitas	Porcentaje
0s-30s	115469	82.7 %
30s-2mn	5820	4.1 %
2mn-5mn	2825	2 %
5mn-15mn	3774	2.7 %
15mn-30mn	2903	2 %
30mn-1h	4900	3.5 %
1h+	3828	2.7 %

Estatísticas de visitas ás novas da web a 25-02-2015

menos de 400 visitas máis de 550 visitas media de todas as visitas: 471

Título da nova	data	visitas
Xornadas animalistas en Compostela	19-02-2015	52
Restauración ambiental na barreira de Orbenlle	18-02-2015	103
Roteiro Loiba Espasante	17-02-2015	134
Demandamos a retirada do plano de conservación da Frouxeira	10-02-2015	142
Circo en Mos con leóns	8-02-2015	162
Salvar as fragas de Catasós	28-01-2015	127
Presentación programa Vai de Roteiros	18-01-2015	420
Roteiro fragas de Catasós	17-01-2015	375
Presentación libro *Durmindo con lobos*	14-01-2015	216
Carta aberta a Abel Caballero	9-01-2015	199
Presentación de horarios de transporte metropolitano Vigo	16-12-2014	716
Roteiro urbano consumo consciente Compostela coa Gentalha	16-12-2014	301
Barcos á rotonda.	5-12-2014	329
Currículo oculto antiecolóxico	28-11-2014	306
Encontro de áreas	25-11-2014	287
Xornadas ambientais: eucaliptización de Galicia e cornixa Cantábrica	29-10-2014	736
Deficiencias nas obras de restauración das Gándaras de Budiño	23-10-2014	626
Irregular recheo dunha barreira no Cerquido	18-10-2014	517
Alegacións ao paseo do Lagares	15-10-2014	607
Xornada de presentación de Verdegaia na USC	13-10-2014	622
Denuncia con AHE e a SGHN ao recheo ilegal de Hierros Arteta	10-10-2014	453
Campaña prohibición da minaría con cianuro	25-09-2014	467
Documento de rexeitamento á instalación de Monsanto en Malvinas	24-09-2014	393
Alegacións ao Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020	12-09-2014	449
Verdegaia solicita aclaración á CMA sobre feitos nas praias de Lugo	25-08-2014	753
AHE, SGHN e Verdegaia piden o control da fallopia xapónica.	19-08-2014	669
Plano de conservación da lagoa da Frouxeira	6-08-2014	792
Nota sobre Gaza	1-08-2014	627
Endesa prolonga a vulneración da lexislación en materia hidrolóxica	30-07-2014	579
Manifestación contra as touradas en Pontevedra	29-07-2014	468
II Testing de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño	26-07-2014	684
Escola de Baladre	23-07-2014	455

Detencións de activistas polos dereitos civís en Marrocos	18-07-2014	442
Comezan os Encontrinhos Cicloturistas 2014	17-07-2014	528
Marcha contra ENCE	21-06-2014	484
Carta á Ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente	12-06-2014	436
Nota sobre a copa do mundo de fútbol	11-06-2014	690
Nota sobre a situación actual da praia de Miño	11-06-2014	401
Canarias: non as prospeccións petrolíferas	10-06-2014	436
Roteiro pola serra do Xistral	6-06-2014	605
Nota sobre rexeneración ambiental nas marismas da Xunqueira do Areal na Pobra do Caramiñal.	6-06-2014	517
1º aniversario da campaña Atropelos non, grazas	4-06-2014	578
5 de xuño: día mundial do medio ambiente	4-06-2014	435
AHE, SGHN e Verdegaia organizan un roteiro polas ribeiras do Louro	28-05-2014	479
Curtas gañadoras do Revoltallo Audiovisual 2014	28-05-2014	546
Roteiro polo río Merín (Vedra)	17-05-2014	662
Revoltallo Audiovisual 2014	29-04-2014	708
Nota en apoio da liberación de Javier Ramírez	28-04-2014	925
Denuncia do impacto ambiental da concentración parcelaria en Cerqueda-Malpica	26-04-2014	456
Adíase o roteiro de abril a maio	26-04-2014	500
V andaina reivindicativa pola defensa da Serra do Galiñeiro	24-04-2014	371
Nota sobre aprobación do ditame da comisión sobre o borrador da nova Lei do Solo	18-04-2014	484
Alegacións ao Regulamento Xeral de Costas	18-04-2014	419
Nota sobre transxénicos na Arxentina	17-04-2014	364
Verdegaia rexeita a construción dunha macrourbanización en Ribeira	17-04-2014	437
Charla sobre transxénicos con Lucía Maina	11-04-2014	510
Verdegaia súmase ás alegacións de ContraMINAcción contra proxecto de Cementos Cosmos	29-04-2014	371
Nota asemblea Fiare	28-04-2014	384
Apoio as reclamacións de SOS Panadeira	26-04-2014	416
Rectificación programación Revoltallo Audiovisual 2014	18-04-2014	534
Apoio ás marchas da dignidade do 22 de marzo	18-04-2014	505
Encontrinhos Cicloturistas 2014	11-04-2014	517
Verdegaia demanda que a Xunta se faga cargo das instalacións militares abandonadas en Rede Natura	10-04-2014	477
Análise do novo currículo estatal de educación primaria	5-04-2014	778

Facebook:

O número de persoas vinculadas a nosa páxina de facebook pasou de 1871, como constaba no informe da asemblea do 2013, a 2557 a 5/03/2015. Este é dende logo un dato positivo, mais é preciso matizalo.

Entre o 25/2/13 e a mesma data do 2014 as nosas publicacións alcanzaron 439 persoas de medio, no mesmo período deste ano baixamos a 239. Entre o febreiro de 2014 e febreiro de 2015 fixemos 157 publicacións, mentres que un anos antes tivemos 307.

Os "góstame" baixaron de 20 a 8 por publicación. Mentres que nos anos 13-14 tivemos un comentario de media por publicación, este ano, apenas temos comentarios. E cando no 13-14 as nosas publicacións eran compartidas 6 veces de media, no 2014-15 só 2. Todas estás accións son as que axudan a termos máis visitas. Por sorte apenas tivemos accións que restan visitas á páxina, e só 3 persoas ocultaron unha das nosas publicacións e outra ocultou todas as nosas publicacións. Ninguén nos denuncio como "spam" nin desfixo o "góstame" da nosa páxina.

Alcance total (número de persoas que recibiron algunha actividade da páxina, incluíndo publicacións, publicacións de outras persoas na páxina, anuncios de "góstame" de páxina, mencións e check-ins) baixou no último período de 486 a 261.



Visão geral | Curtidas | Alcance | Visitas | Publicações | **Pessoas**

País	Seus fãs	Cidade	Seus fãs	Idioma	Seus fãs
Espanha	2.223	Santiago de Compostela, ...	410	Galego	1.056
Portugal	131	Vigo, Galiza, Espanha	322	Espanhol (Espanha)	708
Reino Unido	23	Corunha, Galiza, Espanha	256	Espanhol	512
Argentina	22	Madrid, Espanha	128	Português (Portugal)	124
México	14	Galiza, Portugal	108	Inglês (EUA)	44
Brasil	13	Ourense, Galiza, Espanha	96	Inglês (Reino Unido)	38
Peru	13	Pontevedra, Galiza, Espa...	80	Português (Brasil)	36
França	11	Lugo (Galiza), Galiza, Esp...	56	Catalão	16
Venezuela	9	Ferrol, Galiza, Espanha	53	Francês (França)	8
Alemanha	9	Barcelona, Catalunha, Es...	51	Italiano	6

Presenza en medios de comunicación período inter-asemblear 2014-2015.

(Esta non é unha análise exhaustiva, pois non realizamos unha recolla sistemática e é posible que queden algunhas referencias en medios á Verdegaia sen incluír.)

En coherencia con todo o anterior, habería que sinalar unha menor presenza da asociación nos medios de comunicación. A modo de exemplo están indicadas só dúas comparativas, as referencias a Verdegaia en novas de dous xornais, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego,* neste período interasemblear e no ano 2010.

Prensa:

- Diário Liberdade, publican todos as nosas notas, a presenza é grande.
- Praza: 10 referencias a Verdegaia en artigos dende marzo de 2014.
- Sermos: 6 en artigos dende marzo de 2014.
- La Voz de Galicia: 12 referencias (63 no 2010).
- Faro de Vigo: 8 referencias.
- El Correo Gallego: 10 (41 no 2010).

Radio:

- Programa da asociación Alexandre Bóveda en CUAC Fm, 24-02-2015, sobre a propia asociación.
- Programa dominical da Ser Galicia sobre estado dos ríos, 22-02-2015.
- Cadena Ser, sobre a utilización de animais por un circo en Mos.
- Entrevistas na Ser e na Radio Galega sobre a lei do solo.
- Cadena Cope, polo aniversario da campaña Atropelos non, grazas.
- Cadena Cope, xunto a Amigos da Terra, pola petición de dimisión da Concelleira Chus Lago, en Vigo.
- Intervención en Radio Voz polos verquidos contaminantes no río Lagares.
- Contacto de Tele 5 para falar da lei de montes.
- Entrevista de Radio Nacional, 28-02-2015, sobre a sentenza que obriga á Xunta a pagar un millón de euros a Pescanova polo fracasado proxecto en Touriñán.

Informe de actividades 2014-2015 de Verdegaia

Índice.

- Área de Traballo de Educación Ambiental, Xustiza Social e Consumo Consciente 3
- Área de Traballo de Urbanismo, Infraestruturas e Transporte 4
- Área de Traballo de Biodiversidade 5
- Nc de Compostela 12
- Nc de Ferrol 14
- Nc de Vigo..... 17
- Representación Local de Ribeira 18

Memoria de actividades da Área de Traballo de Educación Ambiental, Xustiza Social e Consumo Consciente

- Publicación na revista Aula Libre do STEG. Comprometemos a nosa participación nun dos seus obradoiros para abril de 2015.

- Solidarizámonos coa veciñanza de Coia con sinaturas, publicacións e o envío dunha carta a Abel Caballero.

- Apoiamos ao movemento das Marchas da Dignidade e en defensa do Ensino e a Sanidade públicas.

- Opoñémonos ao Tratado Transatlántico de Comercio e Inversións e sumámonos a outros colectivos para artellar unha estratexia conxunta.

- Participamos con A Gentalha do Pichel nun roteiro urbano de Consumo Consciente.

- Seguimos dentro de FIARE, agora xa Banca Ética en BpE. Fixemos o traspaso de capital social e abrimos unha conta nesta cooperativa bancaria.

Memoria de actividades da Área de Traballo de Urbanismo, Infraestruturas e Transporte

A. Territorio

1. Campaña para a prohibición da minaría con cianuro en Europa #bancyanide: participación con ContraMINAcción.
2. Proxecto de Cementos Cosmos en Triacastela: colaboración nas alegacións de ContraMINAcción.
3. Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020: alegacións.
4. Borrador da Lei do solo: presentación do posicionamento de Verdegaia ante a Comisión da Lei do solo do Parlamento de Galicia.
5. 2ª planta de gas en Ribeira: presentación de alegacións.
6. Colaboración no II Encontro Galego sobre os impactos da Minaría.

B. Urbanismo

1. Proxecto de construción dunha macrourbanización de luxo con campos de golf en Ribeira: denuncia.

C. Mobilidade

1. Encontriños cicloturistas 2014: organización.
2. Masas críticas galegas: promoción.
3. Transporte metropolitano de Vigo: propostas e información de horarios.

Memoria de actividades da Área de Traballo de Biodiversidade

Ámbito xeral

- Organizar a 7ª edición do programa Vai de roteiros!

- Actividades realizadas non planificadas.

1. Respostar a diversas solicitudes de información de veciños de diferentes vilas e cidades galegas.

Espazos naturais e especies autóctonas

- Representación do movemento ecoloxista e traballo en tres espazos naturais protexidos: Parque Natural das Fragas do Eume, Parque Natural dos Montes do Invernadoiro e Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

  1. Envío do apoio a un escrito de Ecologistas en Acción contra a Lei de Parques Nacionais.

  2. Asistir e levar propostas á xuntanza do Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

- Campaña STOP ATROPELOS nas estradas galegas.

  1. Envío dunha nota de prensa co gallo do primeiro aniversario do comezo da campaña e concesión dunha entrevista na cadea COPE.

2. Posta en marcha da ficha telemática de envío de datos.

3. Xestionar a conta de correo atropelosnongrazas@verdegaia.org respostando ós correos que chegan con fichas e solicitudes de información.

4. Divulgar a campaña entre naturalistas para conseguir nov@s colaboradores/as.

- Actividades realizadas non planificadas.

1. Realizar unha entrevista en Radio Voz sobre o verquido de contaminantes líquidos no Lagares.

2. Enviar un escrito á Consellaría do Medio Rural e do Mar solicitando que non se asfalten pistas de concentración parcelaria no concello de Malpica.

3. Enviar información sobre a herba das Pampas a Ecologistas en Acción para que a empreguen nunha camapaña sobre a erradicación desta especie no Estado.

4. Enviar información sobre a Z.E.P.A. "A Limia" á Delegación de Ourense da Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

5. Asistir a varias xuntanzas da Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro e colaborar na organización da V Andaina pola Protección da Serra do Galiñeiro.

6. Conceder unha entrevista ó programa Vivir Galicia da Cadea SER referida ó estado dos ríos galegos.

7. Conceder unha entrevista a El Correo Gallego referida á Lei de Montes.

- Actividades levadas a cabo nas Ribeiras do Louro xunto coa Asociación Herpetolóxica Española e a Sociedade Galega de Historia Natural:

1. Organización dun roteiro co gallo do Día Mundial do Ambiente 2014.

2. Organización dun Testing fotográfico de biodiversidade no L.I.C.

3. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre *Fallopia japonica*.

4. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre o recheo ilegal de Hierros Arteta.

5. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre o aterro da barreira do Cerquido.

6. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre as obras de restauración da lagoa de Orbenlle.

7. Envío dunha solicitude de permiso de corta de piñeiros na turbeira do Cerquido.

8. Envío dunha solicitude de permiso de limpar a barreira de Orbenlle.

9. Realizar unha visita para avaliar impactos no L.I.C.: Orbenlle, Hierros Arteta e tala en Centeáns.

10. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando a eliminación da pista que penetra na lagoa nas obras de restauración da lagoa de Orbenlle.

11. Envío dunha nota de prensa polo envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando a eliminación da pista que penetra na lagoa nas obras de restauración da lagoa de Orbenlle.

12. Enviar información ó profesor da Universidade de Vigo Alberto Velando sobre as últimas denuncias apresentadas no espazo natural.

13. Manter unha xuntanza cun informante anónimo para tratar a posible denuncia ó alcalde do Porriño por prevaricación por ter consentido o recheo da barreira do Cerquido (O Porriño) situada en Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

14. Realizar unha limpeza de RSU na barreira de Orbenlle.

Especies invasoras

- Realizar un traballo continuo sobre as especies invasoras no en Galicia.

1. Envío dun escrito á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando que se tomen medidas para a erradicación e control de especies invasoras en Galicia.

- Actividades realizadas non planificadas.

1. Envío de información sobre o carácter invasor do Bambú á Asociación O Iribio.

Forestal

- Solicitar que se redacte un Decreto de erradicación e control do eucalipto por parte da Xunta de Galicia.

1. Organización dúas xornadas sobre o eucaliptización de Galicia e a Cornixa Cantábrica no Nc de Ferrol.

Litoral e mariña

1. Envío dunha carta ós ministros da UE para decidir sobre os limites de pesca para o 2015, pedindo acabar coa sobreexplotación pesqueira de todas as poboacións.

2. Envío dunha resposta perante a Comunicación da Comisión referida á consulta sobre as posibilidades de pesca en 2015.

3. Envío dunha carta solidaria contra as prospeccións petroleiras.

4. Participación na organización da marcha contra ENCE da plataforma 2018.

5. Envío dunha carta ó Ministerio pedindo máis participación no tema dos TACs.

6. Presentación de escritos ante a Autoridade Portuaria e Capitanía Marítima por verquidos contaminados de terra na lámina de auga do Cadavelo.

7. Apoio na declaración da Reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.

8. Información sobre os verquidos de ALCOA.

9. Apresentación de alegacións ó Regulamento Xeral de Costas que vén desenvolver a nova lei 2/2013.

10. Participación na palestra no cinema Rias Baixas de Sanxenxo cunha visión xeral da situación.

11. Participación nunha mesa redonda sobre a situación actual da praia de Miño e o modelo de rexeneración sostible.

12. Participación na Comisión parlamentaria sobre o borrador da Lei do solo.

Actividades realizadas polos colectivos da Ría Non Se Vende

1. Apresentación dunha denuncia polas obras de Massó e dunha solicitude de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística sobre a obra que afecta á chamada praia de cheminea, no lugar do Salgueirón, no termo municipal de Cangas do Morrazo.

2. Apresentación dunha denuncia perante o SEPRONA polos verquidos na canteira da Mámoa, Priegue.

3. Apresentación dunha denuncia xudicial (presentada no nome dunha persoa insolvente para ter dereito a asistencia de oficio) contra a APV (actual e pasada) por todos os recheos feitos sen que se teña aprobado un Plan de usos.

4. Petición ante a Ministra de Agricultura , Alimentación e Medio Ambiente sobre a segregación da zona de servizo do Porto de Vigo, das augas marítimas cuxo ecosistema forme parte da Rede Natura 2000 así como das augas marítimas das

zonas produtivas de Cangas e Moaña.

5. Redacción de suxerencias ó anteproxecto da Lei do solo.

6. Denuncia sobre o comezo das obras do corredor do Lagares cando aínda estaba en período de alegacións logrando para as obras.

7. Apresentación de alegacións contra a renovación da concesión do bar Jhonatan de Samil.

8. Apresentación dunha denuncia perante o Seprona, tala en Monteferro.

9. Apresentación de alegacións ó Plano Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia 2012.

10. Apresentación dunha denuncia perante o Ministerio de Fomento en relación a que non hai ningunha obra nen concesión realizada na xurisdición da APV dende o ano 1993 xa que o Porto de Vigo carece da preceptiva Delimitación de Espazos e Usos Portuarios.

11. Envío dunha nota de prensa pola apresentación dunha denuncia perante o Ministerio de Fomento en relación a que non hai ningunha obra nin concesión realizada na xurisdición da APV dende o ano 1993 xa que o Porto de Vigo carece da preceptiva Delimitación de Espazos e Usos Portuarios.

12. Apresentación dunha denuncia perante a Fiscalía de Medio Ambiente polos verquidos na canteira da Mámoa, Priegue.

Memoria de actividades do Nc de Compostela

Cambio de local: agora estamos no local da FEG.

2014

Abril/Maio:

- Revoltallo Audiovisual, con A Xuntanza e Amarante.

Maio:

- Roteiro por Vedra (río Merín), dentro do programa Vai de Roteiros 2013-2014.

Outubro:

- Presentación de Verdegaia na Universidade.

Novembro:

- Organización do encontro de áreas da asociación en Compostela.

Decembro:

- Roteiro urbano de consumo consciente xunto coa Comissom de Meio da Gentalha do Pichel.

- Entre este mes e o de xaneiro, a petición dunha veciña informámonos sobre a posible

ampliación dunha canteira na zona de Sar: consultamos a lexislación e solicitamos informes do Concello e Dirección Xeral de Minas (só chegou o primeiro).

2015

Xaneiro:

- Roteiro ás fragas de Catasós, xunto coa Comissom de meio da Gentalha, Adega e a plataforma Salvemos Catasós; dentro do programa Vai de Roteiros 2015.

- Apoio á campaña contra o maltrato animal iniciada por unha veciña e socia de Verdegaia e pola asociación Abeiro.

Febreiro:

- Comezamos o proceso de elaboración dun documento para interpelar ás candidaturas políticas ás eleccións municipais coas nosas propostas.

- Participamos das xornadas contra o maltrato animal organizadas por Abeiro e Adega

Memoria de actividades do Nc de Ferrol

Xaneiro

- Comunicado de prensa sobre a denuncia ante a Consellería de Medio Ambiente sobre talas e desbroces a eito sobre as fragas e matogueiras autóctonas que integran o novo L.I.C. Rio Sor nos lugares do Freixo, Niño do Azor, Ambosores, Pena do Mouriscón, Fraga de Ambosores, etc., nos concellos de As Pontes, Mañón, Muras e Ourol.., sendo substituídos por monocultivos de eucaliptos e piñeiros, principalmente. (http://elprogreso.galiciae.com/nova/303142-verdegaia-denuncia-talas-ilegales-lic-rio-sor)
- Comunicado de prensa sobre as alegacións presentadas ao Plan de Conservación da lagoa da Frouxeira, na que nos opoñemos ao mantemento das regulacións artificiais do nivel hidrolóxico da lagoa e se pide a supresión das edificacións das edificacións e do paseo marítimos que se atopan na zona natural de inundación da mesma.

  (http://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/valdovino-verdegaia-demanda-supresion-edificaciones-y-paseo-maritimo/20140110223026071135.html)

Febreiro

- Escrito a Augas de Galicia no que se resposta ao "escrito de contestación" e ao "informe sobre alegacións presentadas" de Augas de Galicia, de data 18/12/13 3 11/12/13, chaves DH.W15.30408 e DH.D15.30653

Marzo

- Escrito de petición á Xunta de Galicia para que se faga cargo das instalacións militares abandonadas na Rede, xa que dende que foron abandonadas, este tipo de instalacións son aproveitadas por diferentes especies de fauna como lugares de acubillo, reprodución, invernada ou predación, polo que resultan de especial interese para o mantemento da biodiversidade nos citados espazos naturais.
- Escrito á Consellería de Medio Ambiente para alertar de la seria ameaza que supón **a** actual expansión da especie invasora ***Helichrysum petiolare*** de procedencia sudafricana, que actualmente se integra en diferentes hábitats dos municipios de Ares, Ferrol, Narón, Valdoviño e Cedeira, principalmente. Demándase a creación dun regulamento específico para Galicia que prohiba la importación, cultivo, reprodución e venda deste tipo de especies perniciosas.
- Petición ao Ministerio de Defensa e á Xunta de Galicia de información do estado en que se atopa o vertedoiro de armas que Defensa mantén a 21 millas da costa, así como o seu impacto ambientas e o control.

  (http://www.laopinioncoruna.es/galicia/2014/03/04/ecologistas-reclaman-defensa-xunta-datos/817486.html)

Maio

- Presentación conxuntamente con SGHN, Adega e a Asociación de Veciños El Pilar do informe " ***A Ría de Ferrol e o seu saneamento, presente e futuro***"

Xuño

- Roteiro polo Xistral, dentro do programa Vai de Roteiros

Xullo

- Denuncia nas Consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural da tala e repoboación indiscriminada con eucaliptos das fragas da contorna do río Solloso, afluente do río Sor, no concello de As Pontes.
- Alegacións ao Plano de Conservación da zona húmida protexida Lagoa e areal de Valdoviño; ao Proxecto de Decreto polo que se aproba o dito Plano de Conservación e ao Informe de Sustentabilidade Ambiental do Plano de Conservación (D.O.G. nº 112 do 13/06/2014).

Agosto

- Remitiuse novo escrito ás Consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural achegando novos datos sobre as talas e repoboación efectuadas nas fragas da contorna do río Solloso, afluente do río Sor, no concello de As Pontes.

Novembro

- Xornada sobre A EUCALIPTIZACIÓN DE GALICIA E A CORNIXA CANTÁBRICA

Decembro

- Alegacións á modificación do PXOM do Concello de Miño, para adaptar o sector R-3 (Monte Piñeiro) ao Plan de Ordenamento de Litoral (POL), para construír unha urbanización.

Durante todo o ano estívose a traballar con outros colectivos da cidade de Ferrol a prol da xestión pública e social do ciclo da auga e do saneamento en Ferrol

Memoria de actividades do Nc de Vigo

A. Biodiversidade

1. Roteiro pola costa de Cangas dentro do Programa "Vai de Roteiros!"
2. Nota de prensa sobre verquidos no regato S. Martiño (Tui).
3. Circo con animais non humanos: denuncia e presentación de mocións en Mos, Pontearéas e Tui.

B. Educación Ambiental e Xustiza Social

1. Rotonda de Coia: apoio á veciñanza de Coia e carta aberta ao Alcalde;
2. Colaboracións coa revista "A Boia";
3. Denuncia ao Valedor do Cidadán sobre o impedimento do concello en permitirnos acceder a información ambiental.
4. Asistencia a unha xuntanza de preparación dos actos do 18A contra os TTIP.

C. Urbanismo - Infraestruturas e Territorio

1. Masa crítica de Vigo: promoción;
2. Transporte metropolitano de Vigo: propostas e información de horarios;
3. Plano de mobilidade sostible de Vigo: solicitude de participación.

D. Comunicación

1. Realización de material divulgativo das actividades da asociación;
2. Colaboración na reorganización da comunicación externa da asociación.

Memoria da Representación local de Ribeira

- Participación na Asemblea pola Defensa do Ensino Público
- Participación na Plataforma pola defensa da Sanidade Pública
- Nota de prensa sobre proxecto de campo de golf en Ribeira
- Presentación de alegacións á ampliación do Porto do Cabo da Cruz
- Presentación do libro "Guía para o Decrecemento Enerxético" de Véspera de Nada.
- Participación no Foro Ecolóxico de Ribeira
- Presentación de alegacións ao Ao proxecto "Regeneración ambiental de las marismas de A Xunqueira do Areal, fase I, de A Pobra do Caramiñal (A Coruña)"
- Solicitude de información sobre canteira no Parque Natural de Corrubedo.
- Alegacións a planta de gas en Ribeira

INFORME DE ORGANIZACIÓN.

SOBRE ASOCIADOS/AS:

A Asociación Ecoloxista Verdegaia é unha organización de ámbito galego e sen ánimo de lucro. Organízase en núcleos comarcais. Naceu con 4 Núcleos Comarcais (Ferrol, Santiago, Vigo e Ourense) aos que se incorporaron posteriormente os núcleos da Coruña (2008) e Pontevedra (2009), así como a representación local de Ribeira (o Barbanza) dende 2008. Posteriormente, a finais do ano 2013 e comezos do ano 2014 desapareceron como núcleos comarcais Coruña e Pontevedra debido ao descenso de activistas nesas localidades, aínda que seguimos a manter algunhas socias nesas comarcas. A finais do ano 2014 recoméndase facer unha valoración sobre a pervivencia do núcleo comarcal de Ourense polo importante descenso que ten sufrido respecto do número de activistas e asociados/as.

Evolución do número de asociadas/os :

Dende a constitución de Verdegaia en marzo de 2006, o incremento do número de socias/os nos primeiros anos pasou dun crecemento exponencial a un proceso máis calmado. Desde o nacemento o proceso de crecemento da asociación foi constante aínda que no ano 2010 este aumento comezou a estabilizarse até o ano 2012 que comeza un novo período no que se pode apreciar un descenso importante no número de asociad@s. Por núcleos comarcais, amosan un mellor comportamento os núcleos de Ferrol, Coruña que se ben non crecen en número de asociad@s, soportan un menor descenso. Compostela e Vigo no principio mantiñan unha tendencia alcista máis ou menos continuada. A día de hoxe seguen a ter o maior número de asociad@s por comarca mais no período 2012-2014 sofren un descenso importante. Ourense é a comarca cun desceso maior sobre todo no 2013-2014.

Ao facer a actualización e a adaptación á realidade existente en Verdegaia, diferenciando entre asociados (no que se inclúen activistas) e simpatizantes, o número de asociados e asociadas no ano 2014, danos un reconto de 196 asociad@s.

- **3 asociad@s están exenteos de pagar cota.**
- **2 asociad@s teñen cota trimestral.**
- **5 asociad@s teñen cota en man.**
- **16 asociad@s teñen cota semestral.**
- **170 asociad@s teñen cota anual.**

De entre estes 196 asociad@s, 16 non fixeron efectiva a cota 2014 polo que quedan pendentes de análise (baixa, pago, paso a categoría de exento de cota).

Evolución do número de socias/os

NÚCLEO COMARCAL	*Dec-2006*	*Dec-2007*	*Dec-2008*	*Dec-2009*	*Dec-2010*	*Dec-2011*	*Dec-2012**	*Dec-2013*	*Dec-2014*
CORUÑA	8	11	15	16	15	15	15	11	11
FERROL	18	28	32	35	37	37	35	33	31
OURENSE	35	44	50	51	50	50	49	21	16
PONTEVEDRA	4	4	5	19	22	22	22	15	14
SANTIAGO	52	58	65	70	71	72	74	52	49
VIGO	25	49	58	62	66	68	71	54	51
SEN NÚCLEO	12	21	24	28	33	36	37	23	24
TOTAL	154	215	249	281	294	300	303*	209	196

- **Estes datos recollidos aí non son fiábeis, están recollidos a comezo de 2012 e carecemos de informes sobre este tema de finais de 2012 pero ao pór en relación os datos económicos co número de asociados e ver o forte descenso en ingresos dese período, tiramos a conclusión de que o número de asociados reais era moito menor polo que concluímos que o descenso no número de asociados e asociadas comezou no ano 2012.**

- **Ano 2014: 15 baixas, 2 altas (s/núcleo e Compostela)**

ACTIVISTAS:

Solicitouse a cada núcleo comarcal que enumerase o número de persoas que participan de xeito máis ou menos activo das iniciativas do propio núcleo e de Verdegaia en xeral para o cálculo do número de activistas. Asumindo a variabilidade temporal da cifra resultante, o certo é que na actualidade (tomando en conta anos 2013 e 2014), o número de activistas descendeu de maneira drástica respecto de anos anteriores o que pon a Asociación nunha situación grave de falta de recursos humanos para desenvolver o seu traballo cotián.

NÚCLEO COMARCAL	*Asociad@s*	*activistas*	*porcentaxe*
CORUÑA	11	2	18,18%
FERROL	31	6	19,35%
OURENSE	16	2	12,5%
PONTEVEDRA	14	0	0%
SANTIAGO	49	8	16,30%
VIGO	51	8	15,70%
SEN NÚCLEO	24	4	16,65%
TOTAL	196	30	15,30%

- **Sinalar que no Barbanza hai 4 activistas que se contabilizan dentro do grupo SEN NÚCLEO, pero queremos resaltalo xa que hai un número importante de activistas en relación a núcleos considerados grandes en número de asociados/as.**

Debido ao descenso importante no número de activistas e a imposibilidade de continuar a manter unha estrutura tan ampla, moitos dos activistas cos que conta na actualidade a asociación ven duplicado o seu traballo, o que causa un desgaste que ao final deriva en perxuízo para a propia asociación. Valorar adaptar a estrutura organizativa á realidade actual de Verdegaia.

XÉNERO:

A análise de xénero da nosa asociación amosa unha distribución case idéntica á que poderiamos considerar "modelo" do tecido asociativo galego: 60% de homes e 40% de mulleres; no noso caso, 58% de homes e 42,5% de mulleres, No ano 2010-2011 o número de mulleres na Asociación era de 41%, o mesmo que no ano 2012 .

COMISIÓN COORDINADORA XERAL E COMISIÓN PERMANENTE

Dende a asemblea de marzo de 2011 até a actualidade non se celebrou ningunha xuntanza da comisión permanente, nin de forma presencial nin de forma dixital. Esta ausencia de encontros, ao igual que acontecera no período interasamblear 2010-2011, responde á vontade de derivar o conxunto da comunicación e toma de decisións á comisión coordinadora xeral. Tense empregado a listaxe da permanente para resolver cuestións concretas que se teñen presentado. En relación á comisión coordinadora xeral, a súa periodicidade mantívose pero con dificultades, na actualidade estase a empregar ferramentas de comunicación vía internet para solucionar problemas de asistencia. No que respecta ao número de asistentes, constatouse un descenso no ano 2012 respecto de anos anteriores pero na actualidade o número de asistentes non difire moito de finais 2012-2013-2014.

No que respecta á comisión de garantías non se ten reunido nos últimos anos.

INGRESOS ECONÓMICOS DA ASOCIACIÓN:

Os ingresos económicos da Asociación Ecoloxista Verdegaia, veñen maioritariamente das cotas de asociados e asociadas e en menor medida de donativos e recadación por actividades propias. A maior parte das socias e socios teñen domiciliada a cota con pago anual (pásase o cobro no último mes do ano vencido), trimestral e semestral. Há tamén un pequeno número de soci@s con cotas en man **e tamén, a principios deste ano 2014, creamos unha nova figura de asociado/a-activista que é a de exenta de pagar cota.** Esta figura creouse debido á realidade actual que atravesa o País e con iso os problemas económicos provocados pola crise económica e política que estamos a padecer, debido tamén ao descenso de activistas e ao recoñecemento por parte da asociación da importancia dos asociad@s pero sobre todo da importancia e necesidade de activistas.

A resultas disto, o aumento no número de persoas asociadas a Verdegaia que era tendencia nos primeiros anos comezou a decrecer a partires de 2012 e continuou no 2014. *

A tendencia alcista tanto no número de asociados como nos ingresos económicos por asociados que se deron desde o ano 2006 no que naceu a Asociación Verdegaia, deu un xiro á baixa no ano 2012, continuando a día de hoxe. Nas enquisas feitas entre as asociadas e asociados dados de baixa está como razón fundamental o paro, precariedade económica e en terceiro lugar o deixar de identificarse cos principios ou valores da asociación.

No ano 2014, houbo un total de 15 baixas, aínda que tamén se produciron un total de 2nov@s asociad@s.

FUNCIONAMENTO ORGANIZATIVO:

Verdegaia na actualidade conta cunha permanente formada por: coordinación xeral, vicecoordinación xeral, secretaría, vicesecretaría e tesouraría.

Organízase en áreas de traballo: Biodiversidade, Educación ambiental e Xustiza social, Enerxía-transporte-territorio.

Con respecto a área económica, está formada por unha responsable nacional e unha responsable por cada comarca*. Os balance económicos até o de agora viñamos preparando para o período interasamblear que normalmente vai desde marzo a marzo do ano seguinte. Este ano desde a Área Económica decidiuse facer o balanzo económico anual, incluíndo soamente o ano 2014 coa idea de facer casar os balances económicos da asociación co balance económico anual que marca a lei.

BANCOS COS QUE DESENVOLVE A SÚA ACTIVIDADE A ASOCIACIÓN.

No comezo do ano 2013, a asociación posuía cinco contas bancarias, catro de núcleos comarcais (Compostela, Ferrol, Ourense e Vigo). Unha conta da Comisión Coordinadora Xeral en NovaGaliciaBanco (actualmente A Banca) dende a que se domiciliaban as cotas.

En cumprimento do disposto pola Asemblea de 2012 na que se acordou pasar a operar coa Caixa Rural Galega, a finais do ano 2013 pecháronse as contas de Abanca dos núcleos comarcais de Vigo e Compostela e pasaron a operar coa Caixa Rural. Abriuse tamén unha conta en Caixa Rural para a CCX e non se pechou a conta de A Banca pendentes da operatividade de Caixa rural para xerir o tema asociad@s e por problemas de carácter burocrático e outros xurdidos con esta banca.

No ano 2015 Verdegaia abriu conta en FIARE co que neste ano pechará a conta de A Banca previa confirmación da posibilidade de traballar sen problemas coas domiciliacións en FIARE.

INFORME ECONÓMICO

Comparativa:

- No período interasamblear 2010-2011, a asociación ten uns ingresos por asociados e doazóns de 10546.00€ e por subvencións 2262.00€, por obradoiros realizados e conferencias-seminarios ten un total de ingresos de 3600€, máis outros ingresos 2066,59€, que fai un total final de 18474,59€ e uns gastos totais de 9645,75€

- No periodo interasamblear 2011-2012 o de ingresos por cotas de domiciliacións e venda de material e donativos ascendeu a 9320€. Os recibos por asociad@s foron 10.855 € mais viñeron devoltos 1.995€. Os gastos deste período ascenden a un total de 6504,70€

- No periodo interasamblear 2012-2013: No ano 2012 por mor das mudanzas na tesouraría non se puideron carregar os dous primeiros recibos trimestrais nin o primeiro semestral polo que se decidiu, informando ás socias e ós socios que se ía facer un único cárrego anual o 1 de outubro. Cumpre reflectir que a base de dados bancaria non se encontraba actualizada, rexistrando duplicidades e figurando nela un pequeno grupo de persoas que xa non eran socias. A pesar de ter feito unha limpeza previa producíronse 83 devolucións; algunhas por falta de fondos, bastantes por modificación do número de conta e aínda mais por baixa na asociación. Os ingresos económicos por cotas de asociados ascenderon a un total de 7.929€ ao que temos que sumar a cantidade de 496.12€ + 243,16€ por doazóns e actividades propias e outros, o que fai un total de 8668,28€. Os gastos neste período ascenden a un total de 10448,47€

- No periódo interasamblear 2013-2014 a asociación ten uns ingresos reais por asociados de 7039,50€ ao que temos que sumar a cantidade de 270.00€ de ingresos por donativos e actividades. O que fai un total de ingresos de 7309,50€. Temos que indicar que neste período, cando se pasaron as cuotas anuais (pásanse a cobro ao remate do ano- Decembro de 2013) o número de cotas devoltas foi alto, o que repercutiu nun descenso importante no número de asociados e asociadas. Os gastos do ano 2013 ascenden a un total de 5888.77€

- Con respecto ao ano interasamblear 2014-2015, como explicamos anteriormente faremos o balance económico anual 2014 e non interasamblear. Neste período houbo un descenso (por terceiro ano consecutivo) no número de asociados, o que , **segundo as nosas previsións, pode incluso darse unha redución maior cando se xere o cobro das devolución habidas en decembro de 2014. Pensamos que no ano 2015, unha vez xeridas as devolucións do ano anterior, entramos nun período de estabilidade canto a baixas de asociad@s. Os ingresos por asociados e asociadas foron de 6490,00€ e por actividades e doazóns foron de 459,52€ + 97,07€, o que fai un total de 7046,59€. Os gastos do ano 2014 ascenden a un total de 4170,11€. Os traspasos as comarcas por cotas supuxeron un total de 2455,00€**

Os gastos por xestión das domiciliacións e das xestións das devolucións foron asumidos pola nacional. A nacional recebe a metade dos ingresos das comarcas máis a totalidade de domiciliados sen núcleo, Coruña e Pontevedra.

BALANCE CONTABLE: tesouraría nacional.

Partimos dun saldo inicial de 4588.98€ (incluíndo todos os ingresos por cotas asociad@s 2013)

GASTOS ANO 2014 .

- **Xurídico: 242,00€**
  - provisión de fondos tema Picovello: 242.00€

Os gastos do ano anterior foran de 746.80€.

- **Xestión social asesoría: 33.00€ x 12 =396€**

- **ARC CORREDORIA D ASSEGURANCES : 393,67€**
  - responsabilidade civil: 318,46€
  - seguro sanitario accidentes menores: 75,21€

- **Gastos devolución asociados: 140.00€**
  - **40,00€ pendente período anterior.**
  - **100.00€ devolución de cotas a un asociado que se lle viña cobrando mal desde o ano 2009**

- **Gastos traballo asociación, axudas de custo, deslocamentos e material: 610,39€**

- **Impostos : 147,00€ (105€ + 42€)**

- **Telemóvel: 119,22€**

- **Internet: 499,16€**
  - **hosting 117,09€ +326,70€**
  - **outros 36,30€**
  - **dominio 19,07**

Os gastos nesta partida o ano anterior foran de 615,78€

- **Sistemas multimedia e xestión: 97.07€ ***

- **Aluguer troita xaneiro-maio/ feg xuño-setembro: 427,00€**
  - **Na Troita páganse 150,00€ mes (nacional pon 75,00€), na FEG pagamos 32,00€/mes (16,00€ pon nacional)**

Os gastos nesta partida o ano anterior foron de 975.00€

- **Asociacións: 280,00€**
  - **FEG 180,00€**
  - **Asociación TOUDA 50,00€**
  - **Asociación CON BICI 50,00€**

Os gastos nesta partida no ano anterior foran de 495€

- **Participación en palestras: 560€**
  - **palestra transxénicos en colaboración co grupo GAS: 60€**
  - **palestra eucaliptización 500€**

- **Gastos bancarios 258,60€**
    - **por movementos e transferencias: 37,05€**
    - **por envío remesas asociad@s + gastos devolucións :175,78€. Supón o 2,1% do total envíos.**
    - **por mantemento conta e comisión administración:45,77€**

Este ano tivemos 4170,11€ de gastos. O ano anterior tivemos 5888,77€ de gastos

INGRESOS ANO 2014.

- **Ingreso por devolución recibo sistemas multimedia e de xestión: 97,07€**

- **Ingreso pola Actividade Encontriños 2014: 427,52€**
    - **ingresos por inscripcións:2500,00€ + ingresos venda camisolas:910,00€ - gastos por organización Encontriños:2255,52€ - gastos fabricación camisolas:727,96€**

- **Ingreso por venda material: 32.00€**

- **Ingresos totais por asociados7050€. Ingresos reais asociados e asociadas 6490€.**
    - **devolucións 560€**
        - **480.00€ devolución de remesas**
        - **80€ devolución a un asociado.**

    - **Destes 6490,00€ corresponden á conta nacional un total de: 4035,00€**
        - **A Coruña: 0+0+80+260-60 =280,00€**
        - **Pontevedra: 0+0+80+460-40= 500.00€**
        - **Sen núcleo: 0+0+100+760-60= 800.00€**
        - **Metade das cuotas resto comarcas= 2455,00€**

O total de ingresos no ano 2014 para a caixa Nacional por asociados e asociadas ascende a 4035,00€ frente a 4239,50€ do ano 2013.

- **Destes ingresos corresponde entregar ás comarcas:**
    - **Ferrol: 50+0+160+610-20 = 800/2 =400.00€**
    - **Compostela: 0+120+520+1660-340 =1960/2= 980€**
    - **Vigo: 50+240+80+1240-40 =1570/2 =785€**
    - **Ourense: 0+0+160+420 = 580/2=290.00€**

O total de ingresos para nacional unha vez descontado o correspondente ás comarcas, no 2014 é de 4591,59€. O ano anterior tivemos 4513,50€ de ingresos.

O balanzo económico para este ano é positivo: INGRESOS - GASTOS = 4591,59€ - 4170,11€ = 421,48€. Conseguimos remontar os balances negativos dos anos 2011-2012 e 2012-2013.

SALDO FINAL TESOURARÍA NACIONAL:

- **Saldo inicial: 4588,98€**
- **Ingresos : 4591,59€**
- **Gastos: 4170,11€**
- **Saldo final: 5010,46€**

BALANCE CONTABLE COMARCAS

As comarcas funcionan normalmente co diñeiro transferido do ano anterior. É dicir, o diñeiro de cotas do ano 2013 o pasamos a finais de 2013 polo que chegaría ás comarcas no 2014. No 2014, sen embargo, transferiuse á conta de Verdegaia Compostela a cantidade de 170,00€ correspondentes á proporcional das cotas do 1º semestre de 2014.

VIGO:

- Saldo de partida: 824,32€€
- Ingresos: 795
- Gastos: 363,03€
- Saldo final: 1256,29€

COMPOSTELA:

- Saldo de partida: 1265,39€
- Ingresos: 1797,00€ procedentes de ingresos feitos pola Tesouraría nacional.
- Gastos: 2187,08€
- Saldo final: 875,31€

FERROL:

- Saldo inicial: 586,85
- Ingresos totais 1013,00€: Cotas: 385,00 +128 roteiro+500 desde nacional para xornadas eucaliptización.
- Gastos totais : 919,28€
- Saldo final: 680,57€

ORZAMENTO DA CCX PARA 2015

As previsións de ingresos para 2015 estimadas por asociados/as son de 4050,00€, ao que temos que sumar os ingresos por venda de material e actividades e os ingresos polo diñeiro acumulado na conta que a día 31/12/2014 é de 5010,46€. Fican pendentes pequenos cobros por devolucións e por cotas en man do 2014 que pasarán a contabilizarse no 2015.

Como gastos fixos temos, baseándonos nas últimas:

- dinahosting :400,00€
- como gastos de asesoría 396.00€, (12 cotas de 33.00€)
- polo seguro de accidentes e responsabilidade civil por volta de 400,00€ haberá que valorar o seguro de accidentes se non se vai traballar con crianzas.
- por gastos bancarios, fundamentalmente transferencias, gastos de domiciliacións e devolucións 250.00€,
- gastos pola liña Orange de telefone 190,00€
- asociacións e colectivos dos que facemos parte ou colaboramos 300.00€,
- Gastos local Compostela 172,00€
- Gastos xurídicos estimamos sobre 1200.00€
- Gastos material e desprazamentos estimamos sobre 500.00€